

XERAIS



Edicións Xerais de Galicia, S. A. - Doutor Marañón, 12 - 36211 Vigo - Tlf: 986 214 888 - Fax: 986 20 13 66
Enderezo electrónico: xerais@xerais.es <http://www.xerais.es>
Blog Xerais: <http://www.xeraisblog.com>

A POESÍA INFANTIL NO SÉCULO XXI **Red Temática de Investigación "LIJMI"**

**Coordinadoras: Blanca-Ana Roig Rechou,
Isbael Soto López e Marta Neira Rodríguez**


XERAIS / FUNDACIÓN CAIXA GALICIA (1341016)

432 páxinas

ISBN: 978-84-9914-026-1

P.V.P: 18,00 €

NOVIDADES SETEMBRO 2009



«A POESÍA INFANTIL NO SÉCULO XXI (2000-2008)» RED TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN "LIJMI"

ESTE VOLUME RECOLLE UN CONXUNTO DE ESTUDOS, DESTINADOS FUNDAMENTALMENTE A TODOS AQUELES QUE DESENVOLVEN LABORES DE MEDIACIÓN NO EIDO DA LECTURA, QUE PRETENDEN AFONDAR NO TEMA DA POESÍA INFANTIL E XUVENIL NO SÉCULO XXI.

Os membros da Red Temática de Investigación sobre Literatura Infantil y Juvenil del Marco Ibérico e Iberomareicano (LIJMI), coa colaboración doutros investigadores convidados, reúnen neste volume un conxunto de estudos, destinados fundamentalmente a todos aqueles que desenvolven labores de mediación, centrados na *Poesía infantil e xuvenil no século XXI (2000-2008)*.

Tras dunha introdución teórica na que se repasan a historia e as características que adoitan identificar o xénero, incídese no valor da poesía á hora de educar a sensibilidade, desenvolver a creatividade e fomentar o espírito crítico desde as primeiras idades e deféndese a súa presenza nas aulas mediante unha boa selección de textos que acolla tanto os escritos expresamente para a infancia e a mocidade como aqueles outros cun destinatario universal. A seguir inclúense enfoques panorámicos que abordan o xénero no período estudado nas literaturas castelá, catalá, galega, portuguesa e vasca, co engadido de tres achegas que estudan a poesía no ámbito literario alemán, brasileiro e inglés.

O volume inclúe ademais unha selección de poemarios, trece dos cales son obxecto dun comentario pormenorizado, co fin de facilitarlles aos mediadores e mediadoras algunhas claves de aproximación para o seu uso na educación literaria.